

# SOLIDARIEDADE INTERNACIONALISTA







# O FUTURO DE EL SALVADOR



## Un pouco de historia

No territorio da antiga Cuscatlán está-se a desenvolver o movemento revolucionario de maior envergadura do continente americano desde a revolución mexicana. Estes once anos de guerra resultaron na posibilidade por parte da FMLN de sentar á mesa de negociación ao goberno de El Salvador, e no recente asinamento da paz en México. Nos tempos de Napoleón Duarte, cando o Partido Demócrata



Comandante Ana Guadalupe Martínez, da comisión político diplomática da FMLN.

Cristá (PDC) estaba no poder, empezara-se a falar de "diálogo" (por parte do goberno, xa que a FMLN sempre estivo aberta ao diálogo), pero é coa chegada de ARENA (Alianza Republicana Nacionalista) ao poder que se empeza a falar de "negociación", e só tras a ofensiva guerrilleira á capital en novembro de 1989 que esta negociación iníciase a súa andadura co asinamento dos acordos de Xenebra.

Non quer dicir isto que ARENA sexa un partido máis aberto e democrático do que era o PDC: o partido gobernamental foi creado para cubrir a fronte política da Forza Armada de El Salvador, que nos anos oitenta pasou de ser un instrumento de aluguer da oligarquía a ser un sócio máis, se non o máis importante, na política salvadoreña. De feito, o fundador do partido, Roberto D'Aubuisson, fora oficial do exército e é coñecido como un "asasino psicópata", como o chamara un antigo embaixador dos EUA.

## Todos contra ARENA

Cando o triunfo de Cristiani, a FMLN lanzou a consigna "Todos contra ARENA". E efectivamente, uns meses despois o PDC aliou-se coa oposición, e a UNOC, sindicato de dereitas, integrou-se na UNTS, intersindical maioritaria de esquerdas. O partido gobernamental ficara só. Mais aínda tiña esperanzas de derrotar militarmente á FMLN, esperanzas que frustrou a ofensiva sobre San Salvador e demais cidades do país en novembro do 89. A partir dese momento



inicia-se o que xa se pode denominar a etapa de transición en El Salvador.

Despois do acordo de Xenebra, veu Caracas, onde se incorporaron estes seis puntos á axenda de negociacións: a redución e depuración da Forza Armada, o respecto aos dereitos humanos, a reforma do sistema xudicial, un novo proxecto económico-social, reforma da constituición e verificación internacional do cumprimento destes puntos. Agora, dous anos despois, goberno e guerrilla subscriben definitivamente estas propostas.

### Que val un acordo?

Apesar do xúbilo, a FMLN non deixa de ser cauta. Desde logo que é un grande logro para eles/as o feito de teren sentado á mesa de negociación ao propio presidente Cristiani, que até agora se negara a participar directamente no diálogo, e de conseguiren que asinara personalmente o acordo, aínda que tais acordos non deixen de seren papel mollado e só sirvan como medidas de presión e non como solución do conflito. Temos como precedente os acordos de paz colombianos, que lles custou a vida a centos de guerrilleiros/as despois de teren-se integrado á vida institucional.

Os puntos nos que se chegou a un acordo son os seguintes:

- . depuración e redución da Forza Armada;
- . redefinición do papel da Forza Armada: esta terá como misión a defensa da soberanía do Estado e a integridade territorial (até agora só cumpre funcións policiais represivas), e será allea a consideracións de tipo político ou ideolóxico;
- . reforma do sistema educativo da Forza Armada, poñendo énfase na preeminencia da dignidade humana e dos valores democráticos;
- . creación dunha Policía Nacional Civil, que significará a desaparición da Garda Nacional e da Policía de Facenda como corpos de seguridade pública, ambos os dous coñecidos polas súas violacións dos dereitos humanos;
- . novo proxecto económico-social: as terras que sobrepasen o límite constitucional de 245 hectáreas se destinarán aos campesiños que as necesiten, e se respetará o estado actual da propiedade da terra nas zonas

controladas pola guerrilla.

Así como tras o asinamento do acordo sobre dereitos humanos en Costa Rica o exército continuou coa violación dos mesmos, coa mesma intensidade e impunidade, agora nos atopamos cun definitivo acordo de paz que parece esperanzador, pero que xa empeza a plantexar dificultades á hora de pór-lo en práctica.

En canto ao tema da depuración do exército, estableceuse a formación dunha comisión que estude a traxectoria de todos os seus oficiais. Pero o desacordo xurde cando se trata de precisar a natureza de tal comisión: a FMLN quer que estexa formada por persoal civil non salvadoreño, á parte dos dous militares que a integrarán, e que terán que ser de intachábel traxectoria. O goberno opón-se a todo isto.

A redución do exército é outro punto delicado, pois se ben se acordou reduci-lo nun cincuenta por cen, este proceso durará 22 meses, mentres que a FMLN terá que entregar as súas armas o 31 de outubro vindeiro, co que nos atoparemos co mesmo exército, máis ou menos depurado, con máis ou menos efectivos, enfrentado a unha





oposición desarmada. Non debemos esquecer que, desde 1932, a Forza Armada salvadoreña veu masacrando a poboación, e, até a década dos 80, con moi poucos efectivos.

### A hipocresía do goberno

No seu programa electoral de hai dous anos e meio, Cristiani nen sequera mencionaba o conflito interno de El Salvador. Agora declara nunha entrevista concedida antes do acordo de paz que "se a FMLN chega cunha posición racional, flexíbel e cunha vontade real de terminar todo isto, cremos que a paz non é cuestión de semanas, senón de días". A pesar de teren xa asinado este histórico acordo de paz, o goberno segue pretendendo vender-nos a idea de que o único obstáculo que sempre houbo para paz era a existencia da guerrilla. Se a nivel externo os chama polo seu nome e se senta con eles a negociar, a nivel interno segue a utilizar o calificativo de "terroristas" para con eles. Unha mostra do poder que ten a súa campaña propagandística descalificando á FMLN é o feito de que moitas veces ese término de "terroristas" coa-se na prensa do estado español en referencia á guerrilla, mentres Cristiani non deixa de ser considerado un presidente "constitucional e lexítimo".

Pola outra banda, exixir á FMLN que chegue cunha postura "flexíbel" é pouco menos que ridículo, cando sabemos que é a parte que ten cedido máis nesta negociación. Lembremos que nun momento a súa exixencia era a desaparición da Forza Armada como condición prévia á súa desmobilización. Para iso a FMLN criou o Exército Nacional para a Democracia, nun intento de equiparar forzas e rangos á hora de producir-se o desarme, e tamén coa intención de separar o que sería a forza política (a FMLN) da militar. É de admirar o pragmatismo desta forza revolucionaria, que ten sido moi criticada polo movemento popular por non ter exixido máis nos primeiros acordos asinados co goberno. Se a negociación chegou até aquí, é só grazas á flexibilidade da guerrilla, e á súa habilidade política.

### E despois, que?

O futuro de El Salvador vai-se perfilando, pero aínda é escuro. Os xornais nos berran que en El Salvador estalou a paz, mais hoxe mesmo os escuadróns da morte seguen a matar e o exército a reprimir. Nesta nova orde mundial conseguir desenvolver unha sociedade xusta e igualitaria non é doado. El Salvador non pode illar-se do mundo, que avanza cara un capitalismo selvaxe e global; ao mesmo tempo, como ironicamente dicía un comandante da guerrilla, non se pode criar unha sociedade xusta e ao mesmo tempo capitalista no país, porque para iso fai





falta explotar a outros, e que país se pode topar que poda ser explotado por El Salvador?

Ante esta situación, a única via de saída sería a autoxestión e a democracia popular participativa, que xa leva algun tempo funcionando nas zonas controladas pola guerrilla en departamentos como Morazán ou Chalatenango. O povo salvadoreño está moi politizado e é consciente das inxustizas sociais. Isto, unha vez desmobilizada a guerrilla, sería o único aval que lles quedaría para poderen defender a democracia e enfrentaren-se aos restos oligárquicos e militares que intentarían recuperar os seus privilexios, como moi ben nos ensina a historia.

Alberte Pagán



## O exército como monopólio económico

O maior problema que enfrentou a tensa negociación entre o goberno de El Salvador e guerrilla foi a presión dos sectores duros da oligarquía e a Forza Armada sobre o goberno para que non cedera ante a FMLN e as organizacións populares. Non esquezamos que o exército é o primeiro beneficiario da continuidade da guerra e de manter a súa posición privilexiada, xa que constitue un aparato completo, que abarca e domina o campo económico, o xurídico, o social, o ideolóxico... É o maior monopólio económico do país: controla a produción da súa propia roupa, calzado, toallas, etc (están como exemplo as fábricas de Tazumal e La Estrella), que tamén venden aos exércitos de Guatemala e Honduras; produce alimentos, e blindados que vende a empresarios e exporta a Honduras e Guatemala; o IPSFA (banco da Forza Armada) da créditos para a construción de vivendas para oficiais e soldados; controla a compañía de auga, o sistema de comunicacións, os portos e o aeroporto de Ilopango (San Salvador), que converteu en militar; a exportación de marisco está nas súas maos...

Panfletos contrainsurxentes distribuídos polo exército.